

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de entrega da Medalla do Parlamento de Galicia 2018

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, 6 de abril de 2018 / 11,00 h.

- Presidente da Xunta de Galicia,
- Galardoados coas Medallas do Parlamento de Galicia,
- Delegado do Goberno,
- Alcalde de Santiago,
- Xeneral xefe da Forza Loxística Operativa,
- Ex-presidenta e ex-presidentes do Parlamento,
- Conselleiras e conselleiros da Xunta de Galicia,
- Membros da Mesa do Parlamento,
- Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia,
- Fiscal Superior de Galicia,
- Valedora do Pobo,
- Conselleiro Maior,
- Presidente do Consello da Cultura Galega,
- Reitor da Universidade de Santiago,
- Portavoces, deputados e senadores,
- Autoridades e representacións,
- Señoras e señores:

Bo día e moitas grazas por acompañarnos no acto de entrega desta terceira edición das Medallas do Parlamento de Galicia, que nesta ocasión teñen un marcado acento social, asumindo así o sentir e proceder maioritario do pobo galego, agora e sempre.

Logo das edicións anteriores, nas que estas Medallas recoñeceron o labor de persoas que se esforzaron na posta en marcha e no afianzamento do noso autogoberno, queremos galardoar agora entidades como Aldeas Infantiles SOS Galicia, Cáritas Diocesanas de Galicia e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), que apoian decote as persoas e colectivos máis

vulnerables: a infancia desvalida, as vítimas da pobreza ou da exclusión, e as persoas con discapacidade.

Van destinadas, as Medallas deste ano, a tres entidades concretas, pero canda elas queremos recoñecer a todas as organizacións que, case sempre caladamente, ofrecen apoio e confortan a quen máis o precisa. Saúdo os representantes das diferentes entidades sociais que hoxe nos acompañan. Grazas pola súa presenza e polo seu traballo.

Desde o Parlamento de Galicia esforzámonos cada día para sermos e actuarmos como o espello no que se sintan fielmente reflectidos cada galega e cada galego.

Creo, honestamente, que a concesión destas medallas nos permite avanzar nese obxectivo, na medida en que unha inmensa maioría social se identifica co recoñecemento institucional que hoxe tributamos.

Como persoa ocupada e preocupada desde sempre polo mundo social, coñezo ben o labor de Aldeas Infantiles SOS Galicia, e tiven a honra de contar coa amizade da súa fundadora, Rita Regojo, a quen lembramos con agarimo.

Aínda que a asistencia á infancia vulnerable está agora plenamente normalizada, non sempre foi así. Desde os seus inicios, Aldeas Infantiles ofreceu un modelo de acollemento e atención avanzado, inspirado no agarimo, a protección e o apoio ao que todo neno ou nena ten dereito e do que xamais debería verse privado.

Aldeas Infantiles supuxo un radical cambio de paradigma, deixando atrás o modelo dos vellos hospicios e apostando sen complexos pola tenrura e os estímulos positivos.

Agarimo, fogar, educación e futuro foron, son e serán os principios inspiradores de Aldeas Infantiles, principios que compartimos e arelamos para todos os nenos e nenas do mundo.

A nosa sociedade está superando unha crise económica intensa que agrediu con dureza a persoas e familias; nuns casos agudizáronse as dificultades que xa viñan atravesando, mentres que noutros, circunstancias sobrevidas, como o paro ou a enfermidade, abocaron moitas persoas a situacións extremas que nunca antes coñeceran.

Lamentablemente, os recursos públicos non resultan suficientes para atender a cantos necesitan apoio e respaldo nos momentos de dificultade. Por fortuna, organizacións como Cáritas —pero Cáritas moi especialmente— chegaron e chegan alí onde os poderes públicos non alcanzan.

Importan a persoa e as súas dificultades, expresión última do compromiso que anima esta organización da Igrexa Católica, tan firmemente comprometida neste ámbito como inxustamente vilipendiada noutros, por parte de quen ignora que o respecto aos demais e ás súas crenzas constitúe a base de calquera modelo de convivencia.

Nunca agradeceremos abondo o esforzo de todo o equipo de Cáritas, neste caso das Cáritas Diocesanas de Galicia, especialmente as voluntarias e voluntarios, colaboradores, doadores e equipo directivo, que silenciosamente contribúen cada día a facer máis levadeira a vida de persoas e familias en escenarios adversos.

Con razón Cáritas ten acadado o recoñecemento unánime da sociedade española e galega, agradecemento que o Parlamento de Galicia quere expresar a través desta Medalla que, no nome de todas e todos os galegos, hoxe entregamos.

Avanzamos pola senda da recuperación, pero esta non será completa nin debemos darnos por satisfeitos mentres os efectos positivos non se estendan a cantos o precisan, incluíndo colectivos e persoas que viven na marxinação ou na exclusión, como algunhas das que centran os desvelos das entidades hoxe recoñecidas.

O acento social destas Medallas non sería tal sen ter en conta as entidades que operan no ámbito da discapacidade, unha realidade

próxima que a ninguén pode deixar indiferente, malia que así teña sucedido durante moito tempo, no que as persoas con diversidade funcional —fose esta física ou intelectual— foron moitas veces ignoradas.

Recibe esta medalla a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), que, na súa relativamente curta historia, ten demostrado con feitos o enorme potencial das persoas con discapacidade, persoas coma nós mais con capacidades diferentes.

Parabéns a COGAMI por abrir un novo horizonte de oportunidades e grazas polas iniciativas pioneiras que impulsa, demostrando con feitos que as persoas con discapacidade poden levar unha vida normalizada, tamén no ámbito laboral.

Do mesmo xeito que este Parlamento está dando pequenos pasos —acordes coas súas modestas posibilidades— para integrar as persoas con discapacidade, estou convencido de que a maioría das empresas e institucións poden facer o mesmo. Todos estamos obrigados a facer máis.

Sáimos probablemente da crise económica máis intensa que os nados despois da Guerra Civil recordamos, pero continuamos inmersos nunha crise de credibilidade que afecta a boa parte da sociedade actual, consecuencia, sen dúbida, dunha crise de valores na que os intereses materiais e persoais priman sobre o ben común.

Crise que afecta a política, afecta as empresas, afecta as organizacións sindicais, e mesmo afecta tamén a determinadas ONG.

Pero do mesmo xeito que resulta inxusto descualificar o conxunto dos políticos polo comportamento indebido duns poucos que deben render contas ante a xustiza, a traxectoria de organizacións como Aldeas Infantiles, Cáritas ou COGAMI acreditan que podemos e debemos seguir confiando nas ONG e en entidades semellantes, que antepoñen o ben común a calquera outro obxectivo.

Tal día coma hoxe, o 6 de abril de 1981, promulgouse o vixente Estatuto de Autonomía de Galicia. Culminaba así a longa noite de pedra que nos privara de democracia e de autonomía; e comezabamos un camiño ilusionante no que, coas achegas de todas e todos, fomos edificando o noso autogoberno, galego, autónomo e leal co marco institucional español e europeo do que formamos parte indisoluble. Edificamos tamén unha autonomía cun marcado compromiso de servizo público; con institucións, coma esta que nos acolle, que se esforzan por estar entre a xente e por servir á xente; e, por suposto, sempre comprometida no ámbito social, como hoxe se visualiza con estas Medallas.

Un camiño ilusionante, consecuencia directa da Constitución española de 1978 da que se derivan 40 anos de estabilidade e crecemento que, malia as dificultades propias de calquera sociedade, non resultaría xusto obviar.

Catro décadas, con moitas máis luces ca sombras, que debemos atribuír a toda a nosa xente e ao traballo de todas e todos os que desde as institucións democráticas ofreceron o mellor de si na procura do benestar e a reconstrución da convivencia harmónica.

Permítanme, polo tanto, señoras e señores, que xa que este acto se celebra na sede do Parlamento de Galicia, comparta con vostedes unha reflexión sobre as obrigas que, como lexítimos representantes do pobo galego, nos corresponde asumir para dar continuidade a estas catro décadas de democracia e benestar .

- Obriga de exemplaridade no noso actuar cotián, no ámbito público e tamén no privado. A ética sempre por riba da política.
- Obriga de esforzo, de rigor e de coherencia no traballo que desenvolvemos día a día.
- Obriga de procurarmos o entendemento, malia que ás veces partamos de posicións antagónicas.

- Obriga de respectar o adversario político, xamais inimigo.
- Obriga de respecto escrupuloso ao marco normativo e institucional que entre todos fomos construindo desde o diálogo ao longo destas catro décadas de democracia parlamentaria en España e en Galicia.
- Obriga de respectarmos a separación de poderes, esencial para salvagardar a democracia; e obriga tamén de acatar as decisións xudiciais —todas as decisións xudiciais— con independencia do posicionamento persoal ou ideolóxico de cadaquén.
- E obriga, en suma, de responder á confianza que as galegas e os galegos nos outorgaron nas urnas.

Parabéns aos galardoados coas Medallas do Parlamento de Galicia e oxalá que nosoutros, e Galicia enteira, sexamos quen de aprender do seu exemplo.

De hoxe nun ano.

Moitas grazas.